

**Título orixinal:** A mansión dos Pampín  
**Autor:** Miguelanxo Prado  
**Publicación:** 2005; Norma Editorial  
**Número de páxinas:** 48



### Sinopse:

Miguelanxo Prado dedica este traballo a un público adolescente.

O señor Indalecio Pampín e a súa familia considéranse moi afortunados. A súa tía Isolina deixoulles en herdanza unha casa de campo, rodeada de terreos e dun río. Pero cando el, a súa amantísima esposa e os seus dous fillos adolescentes chegan á mansión... descubren que o que pensaban que era un soño se converte no peor dos seus pesadelos. Empeza así unha das aventuras máis divertidas do cómic español dos últimos anos...

Este libro sobre as desfeitas urbanísticas no país, foi encargado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a Miguelanxo Prado para a súa difusión nos institutos.

### Cuestionario

Escrebe á beira das persoas da historieta da Mansión dos Pampín os adxectivos cualificativos que lle cadren:

*soberbio, avaro, paspallán, incenuo, lercha, sibilina, ecoloxista, zouma*

Alcalde	_____
Aparellador municipal	_____
Construtor	_____
Tía Isolina	_____
Indalecio	_____
Concha	_____
Tomás o veciño	_____

Sinala indicando a viñeta e a páxina, as construcións sustentables e non sustentables da historieta.

Busca edificios minimalistas e outros ostentosos no cómic.

Localiza urbanismo apacible e amable con outro agresivo e duro. En que te fundas para escollelo?

Serve a vivenda como signo externo de riqueza e posición social? Cal é o elemento externo máis ostentoso dunha casa?

Define dous destes conceptos aplicados a unha vivenda:  
respiración da casa, illamento, argón na vivenda, adosados, vivenda unifamiliar.

Sinala na viñeta:  
chanzo, frontón,  
columna, basa,  
capitel, fiestra,  
moldura.



Coñeces vivendas nas que hai salas só para mostralas ás visitas?



Fai un esbozo gráfico da túa casa ideal e destaca con frases as súas partes características.



Que podes dicir da frase: Pódese ser máis babeco, pero hai que adestrar?

Que problema se presenta respecto do achado dun castro no solar dos Pampín?

En que aspectos mellorou e en cales non a vila da infancia de Indalecio?

Cómo é o lugar de residencia ideal para ti? Con que debería contar? Escolle dez das que van a continuación e escríbeas por orde de preferencia.

*teatro, piscina municipal, praia fluvial, pistas de atletismo, parques, bosque, hortas urbanas, carril bici, cemiterio, moitos habitantes, transporte público, zona peonil, botellódromo, edificios de moitos pisos, metro lixeiro, hospital, tren, vida social, asociacións culturais, conservatorio de música, teatro, bares, estadio, casino, coro, grupo de montañismo, pista de patinaxe e de snow, skateboard, pista de skate, lugares de culto.*

Que defectos lle atopas ao lugar onde vives?

Pensas que quen faga unha casa debe ter liberdade total ou debe ter en conta o entorno e a veciñanza?

Rotula no gráfico os elementos de arquitectura e os estilos:

*modernismo, racionalismo, minimalismo, eclecticismo, beirarrúa, cancela, chanzo, fiestra, moldura, xardín, antepeito, lintel, cheminea, valo, porta, fiestra, entrepano, aleiro, mampostería, rebocado, xardiñeira, reixa.*

